SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

6.- Visto o escrito presentado por **Enrique Vázquez Pérez**, de data 16/11/2017 (Rexistro de entrada nº 18.247), no que solicita a devolución de taxas





correspondente ao ICIO da licenza de obras solicitada para construción de vivenda unifamiliar na Rúa Buenos Aires nº 114, Corrubedo, Riveira, e denegada por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 08/10/2015.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local da sesión celebrada en data 08/10/2015 pola que se denega a Enrique Vázquez Pérez a licenza de obras solicitada para levar a cabo a construción de vivenda unifamiliar na Rúa Buenos Aires nº 114, Corrubedo, Riveira, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 21.7.14 redactado por Miguel A. Abad Blanco & Antonio Deus Álvarez.

Visto o informe emitido ao respecto polo Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 21/11/2017, no que sinala:

“Personados los Servicios Técnicos Municipales en la finca arriba indicada, se comprueba que no existe ningún indicio de haberse iniciado las obras de construcción de una vivienda unifamiliar”

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, e visto o informe de devolución de ingresos emitido en sentido favorable polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 27/11/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 337/2014), formulada por **Enrique Vázquez Pérez**, coa seguinte contía: **2.612,95 €**.

Segundo.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas..


VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **José Vicente Santos Reiriz**, de data 28/11/2017 (Rexistro de entrada nº 18.804), no que solicita información urbanística de parcela sita en Goda, Artes.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 01/12/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

REFERENCIAS CATASTRAIS: 15074A802003780001XR e 15074A802003780000ZE

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante; examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:





1.- A parte da finca que ten asignada a seguinte referencia catastral: 15074A802003780000ZE , atópase dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como **solo rústico de protección forestal**.

2.- No presente caso serallle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto ó respecto pola disposición transitoria primeira desta lei.

3.- En relación ao axuste da presente clasificación urbanística (solo rústico) co prescrito ao respecto polo artigo 31.1 da Lei 2/2016, debemos de significar que aínda que o vixente PXOM non está adaptado á lei 9/2002 (LOUG), nin á vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia, e por aplicación da disposición transitoria primeira da mesma, e na que se establece que o réxime aplicable no presente caso é o regulado na presente Lei 2/2016, podemos concluír que a aplicación do citado artigo 31.1 desta lei é efectivo no presente caso, e no que se expón o seguinte:

Artigo 31. Concepto e categorías

1. Terán a condición de solo rústico:

a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.

b) Os ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que perturben o ambiente ou a seguridade e a saúde.

c) Os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non xulguen axeitados para o desenvolvemento urbanístico, considerando os principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.

4.- A parte da finca que ten asignada a seguinte referencia catastral: 15074A802003780001XR, atópase dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como **solo de núcleo rural (SNR)**, séndolle de aplicación a ordenanza SNR-C2, definida no artigo 135 do PXOM. Esta ordenanza correspóndese cos ámbitos de SNR afectados polo complexo dunar de Corrubedo. O uso característico é o de vivenda unifamiliar.

2.- Visto o escrito presentado por **Carmen Pérez Gómez**, de data 29/11/2017 (Registro de entrada nº 18.956), no que solicita información urbanística de parcela sita en Sirves, nº 1, Olveira.





A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 01/12/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

REFERENCIA CATASTRAL: 15074A940019700000UT

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante; examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

1.- A presente parcela, e de acordo cos datos da Xerencia de Catastro, ten unha superficie de 3.015 m². Sobre a mesma aséntase unha vivenda unifamiliar e un alpendre.

2.- A finca ten dúas clasificacións urbanísticas; en parte solo rústico de protección ordinaria, e en parte solo de núcleo rural; séndolle de aplicación a ordenanza SNR-C2, definida no artigo 135 do PXOM. Esta ordenanza correspóndese cos ámbitos de solo de núcleo rural afectados polo complexo dunar de Corrubedo, e o seu uso característico é o de vivenda unifamiliar. Esta parte da finca, clasificada como núcleo rural, correspóndese coa área indicada na ficha gráfica catastral indicada coa reseña: "a", e cunha extensión superficial aproximada de 777 m², dando fronte esta porción de terreo co camiño veciñal que limita coa finca polo seu vento leste.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DON BERTRÁN-JOAQUÍN DE COMINGES CARVALLO, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE JOSMARVEN-4 S.L., POLOS DANOS OCASIONADOS POR MOR DA ANULACIÓN DA LICENZA DE OBRAS NÚMERO 212/2008. EXPEDIENTE RP/7/2015.





Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **don Bertrán-Joaquín de Cominges Carvalho**, en nome e representación da entidade mercantil **JOSMARVEN-4, S.L.**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada na data 03/04/2008, acordou conceder licenza urbanística a PROMOSURGA S.L. para a construción dun edificio para 17 vivendas en Corrubedo, segundo solicita en escrito de data 14/05/2007, rexistrado de entrada co número 11.362, licenza urbanística número 212/2008.

Segundo.- Mediante escrito rexistrado de entrada na data 27/08/2008 co número 16.923, don Bertrán de Cominges Carvalho, en nome da entidade PROMOSURGA S.L. solicita cambio de titularidade da licenza número 212/2008 outorgada pola Xunta de Goberno Local na data 03/04/2008, a favor da sociedade mercantil denominada JOSMARVEN-4, S.L.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada na data 04/09/2008, acordou autorizar o cambio de titularidade a favor de JOSMARVEN -4, S.L., da licenza de obras número 212/2008, concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 03/04/2008, para construción dun edificio de 17 vivendas en Corrubedo.

Cuarto.- Na data 25/02/2013, o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, ditou sentenza no recurso contencioso-administrativo tramitado como procedemento ordinario nº 888/2009, declarando a non conformidade a dereito da licenza urbanística número 212/2008 e a nulidade da mesma.

A referida sentenza foi confirmada pola sentenza ditada na data 03/04/2014 pola Sección 2 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de apelación nº 4230/13.

Quinto.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 01/04/2015 co número 3.448 (data de rexistro da oficina de correos do 30/03/2015), don Bertrán-Joaquín de Cominges Carvalho, en nome e representación da entidade mercantil JOSMARVEN-4, S.L., promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira, polas consecuencias danosas sufridas por mor da nulidade da licenza de obras número 212/2008, e solicita unha indemnización cuxa contía ascende a 45.444,73 euros, que deberá actualizarse na data na que proceda o seu abono, con arranxo ao índice de prezos ao consumo, mais os xuros que procedan pola demora no pago da indemnización fixada. A referida contía ven desagregada como se dispón a continuación:

- 25.566,11 euros, en concepto de honorarios de Arquitecto.
- 3.517,80 euros en concepto de honorarios de Arquitecto Técnico.





- 8.500 euros en concepto de honorarios de avogado pola defensa da reclamante nas dúas instancias no procedemento contencioso-administrativo que rematou coa anulación da licenza.
- 301,72 euros en concepto de honorarios de procuradora da primeira instancia do mesmo procedemento en defensa da licenza.
- 117,37 euros en concepto de honorarios de procuradora da segunda instancia do mesmo proceso.
- 890 euros en concepto de taxas xudiciais.
- 50 euros de depósito para a interposición do recurso de apelación que da lugar á STSX do 03/04/2014.
- 960 euros en concepto de honorarios abonados ao perito que interveu no procedemento xudicial que dou lugar á anulación da licenza.

A suma de todos estes conceptos ascende á cantidade de 39.903 euros, que incrementada na taxa libre de risco (TR) e a prima de risco (PR) correspondente, da a contía total reclamada de 45.444,73 euros:

$SUMA DE COSTES \times (1 + TR + PR) = \text{Total indemnización}$

$39.903 \text{ euros} \times (1 + 0,01888 + 0,12) = 45.444,43 \text{ euros}$

Sexto.- Coa reclamación presentada, achégase a seguinte documentación:

- Documento número 1: Escritura de compravenda de participacións sociais, cese e nomeamento de administradores e cambio de domicilio social, autorizada polo Notario, don César M. Fernández-Casqueiro Domínguez, na data 14/06/2007, número 1.041 de protocolo.
- Documento número 2: Solicitud de licenza para a construción dun edificio de 17 vivendas en Corrubedo, realizada por PROMOSURGA S.L.
- Documento número 3: Licenza número 212/2008.
- Documento número 4: Acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión celebrada na data 04/09/2008, polo que se autoriza o cambio de titularidade da licenza de obras número 212/2008 a favor de JOSMARVEN 4, S.L.
- Documento número 5: Acta de presenza, autorizada polo Notario, Don Óscar Manuel López Doval, na data 26/03/2009, co número 368 de protocolo.
- Documento número 6: Sentenza de data 25/02/2013 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela, no procedemento ordinario número 888/2009.
- Documento número 7: Sentenza de data 03/04/2014 ditada polo TSX de Galicia, no recurso de apelación número 4230/13.





- Documento número 8: Notificación da sentenza de data 03/04/2014 ditada polo TSX de Galicia, no recurso de apelación número 4230/13. Data da notificación: 24/04/2014.
- Documento número 9: BOE número 110 do 06/05/2014, no que se publica a Resolución do 05/05/2014, do Banco de España, pola que se publican determinados tipos de referencia oficiais do mercado hipotecario.
- Documentos número 10 ao 13: Contrato de prestación de servizos de data 17/06/2007 do arquitecto Martín de Cominges Carvallo encargado por JOSMARVEN 4, S.L., cuns honorarios de 25.566,11 euros; factura 05/06/2007 do 26/06/2007 expedida por JOSMARVEN 4, S.L., en concepto de primeiro pago dos honorarios ao arquitecto Martín de Cominges Carvallo polo importe de 15.150 euros; factura 08-027 do 01/09/2008 expedida por JOSMARVEN 4, S.L. en concepto de segundo pago dos honorarios ao arquitecto Martín de Cominges Carvallo polo importe de 6.456,69 euros; factura 09-003 do 15/01/2009 expedida por JOSMARVEN 4, S.L., en concepto de terceiro pago dos honorarios ao arquitecto Martín de Cominges Carvallo polo importe de 5.800 euros; xustificantes das operacións de pago realizadas ao referido arquitecto.
- Documento número 14: Factura E2029574 do 14/05/2007 de PROMOSURGA S.L. en concepto de minuta polo importe de 124,80 euros.
- Documento número 15: Factura SILI070001 do 14/05/2007 de PROMOSURGA S.L. en concepto de minuta polo importe de 3.444,31 euros.
- Documentos números 16 a 19: Factura número 46/2010 do 06/05/2010, expedida por JOSMARVEN 4, S.L. en concepto da primeira provisión de fondos ao letrado Diego Gómez Fernández, pola dirección técnica en primeira instancia do recurso contencioso-administrativo procedemento ordinario 888/2009 e polo importe de 2.020 euros; factura número 33/2011 do 21/06/2011, expedida por JOSMARVEN 4, S.L. en concepto da segunda provisión de fondos ao letrado Diego Gómez Fernández, pola dirección técnica en primeira instancia do recurso contencioso-administrativo procedemento ordinario 888/2009 e polo importe de 2.060 euros; factura número 18/2012 do 05/03/2012, expedida por JOSMARVEN 4, S.L. en concepto de terceira provisión de fondos ao letrado Diego Gómez Fernández, pola dirección técnica en primeira instancia do recurso contencioso-administrativo procedemento ordinario 888/2009 e polo importe de 2.060 euros; factura número 16/2013 do 21/03/2013, expedida por JOSMARVEN 4, S.L., en concepto de honorarios pola dirección técnica en segunda instancia do recurso de apelación, polo importe de 2.500 euros.





- Documento número 20: Minuta de honorarios profesionais da procuradora en primeira instancia do recurso contencioso-administrativo procedemento ordinario 888/2009, polo importe de 301,72 euros.
- Documento número 21: Minuta de honorarios profesionais da procuradora no recurso de apelación polo importe de 142,02 euros e xustificante do seu abono.
- Documento número 22: Xustificante do abono das taxas xudiciais pola interposición do recurso de apelación, polo importe de 890 euros.
- Documento número 23: Xustificante do depósito de 50 euros para a interposición do recurso de apelación.
- Documento número 24: Factura dos honorarios profesionais do arquitecto José Antonio Comesaña García pola súa intervención como perito no recurso contencioso-administrativo procedemento ordinario 888/2009, polo importe de 517,12 euros.
- Documento número 25: Factura dos honorarios profesionais do arquitecto José Antonio Comesaña García pola súa intervención como perito no recurso contencioso-administrativo procedemento ordinario 888/2009, polo importe de 461,44 euros.
- Documento número 26: Datos da conta bancaria da que é titular JOSMARVEN 4, S.L.; extracto informativo da conta bancaria e listado de movementos.

Sétimo.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntouse a el un informe emitido polo técnico do departamento de Urbanismo de data 31/07/2015.

Oitavo.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, sen que durante o mesmo se presentase alegación algunha.


FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de procedemento das administración públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición





transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

Con carácter previo á análise pormenorizada dos requisitos de fondo esixidos para o recoñecemento de responsabilidade patrimonial da Administración, cómpre examinar a concorrencia dos requisitos necesarios para a interposición da reclamación, concretados nas lexitimacións activa e pasiva e no prazo de exercicio.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

A lexitimación activa corresponde á entidade JOSMARVEN 4, S.L. por ser a titular da licenza urbanística número 212/2008, cuxa titularidade lle foi transmitida por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na data 04/09/2008. Actúa representada por don Bertrán-Joaquín de Cominges Carvallo, na súa calidade de administrador solidario da referida entidade mercantil, circunstancia que resulta acreditada mediante escritura autorizada polo Notario de Vigo, don César M. Fernández-Casqueiro Domínguez, o 14 de xuño do 2007, co número 1.041 do seu protocolo.

A lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Riveira, ao proceder do mesmo a actuación á que se imputan os danos reclamados.

Finalmente, dedúcese que a reclamación se interpón dentro do prazo de prescrición de conformidade coas seguintes consideracións. A entidade reclamante vincula os danos á anulación pola orde xurisdiccional contencioso-administrativo dun acto administrativo, concretado nunha licenza de obras para a construción dun edificio de 17 vivendas (licenza urbanística número 212/2008). A referida licenza foi anulada por sentenza ditada na data 25/02/2013 polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, confirmada pola sentenza ditada na data 03/04/2014 pola Sección 2 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en recurso de apelación, que foi notificada á entidade reclamante na data 24/04/2014, polo que a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta o 30/03/2015, estaría presentada antes do transcurso do prazo de prescrición dun ano (STS do 16/12/2003, que considera que o "*dies a quo*" do termo de prescrición é o momento en que se notifica a sentenza que anula o acto administrativo e non o momento da firmeza, ao referirse o artigo 142.4 da Lei 30/1992 a sentenza definitiva que é diferente a declaración de firmeza da sentenza).

Quinto.-

Polo que se refire ás cuestións materiais ou de fondo que suscita este expediente, resulta preciso determinar si existe, no caso que nos ocupa, relación de causalidade entre o funcionamento do servizo e os danos reclamados, e, de ser o caso, haberá que pronunciarse sobre a oportuna valoración do prexuízo e a contía da indemnización.

No suposto que se examina, a indemnización que se solicita derivaría dunha responsabilidade patrimonial do Concello pola anulación dunha licenza de obras.

A responsabilidade patrimonial derivada da anulación de licenzas é obxecto de atención específica polo lexislador, que se reflectiu nas sucesivas leis urbanísticas: artigo 232 do texto refundido aprobado por Real Decreto 1346/1976, do 9 de abril, artigo 240 do Texto refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1992, do 26 de xuño, artigo 44.2 da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, artigo 30 da Lei 8/2007, do 28 de maio, do solo e artigo 35 do Real Decreto Legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo, e artigo 48 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana; que, partindo da aplicación e requisitos xerais establecidos nas normas que



regulan a responsabilidade patrimonial, excepción de maneira expresa a indemnización nos casos de dolo, culpa ou negligencia graves imputables ao prexudicado.

Así, o artigo 48 do TRLS/2015, dispón: *"Dan lugar en todo caso a dereito de indemnización as lesións nos bens e dereitos que resulten dos seguintes supostos: (...) d) A anulación dos títulos administrativos habilitantes de obras e actividades, así como a demora inxustificada no seu outorgamento e a súa denegación improcedente. En ningún caso haberá lugar a indemnización si existe dolo, culpa ou negligencia graves imputables ao prexudicado"*.

A este respecto, é imprescindible traer a colación o artigo 142.4 da Lei 30/1992, o cal determina que *"a anulación en vía administrativa ou polo orde xurisdiccional contencioso-administrativo dos actos ou disposicións administrativas non presupón dereito á indemnización"*, debendo interpretarse esta declaración legal nos termos de que non pode asociarse o efecto indemnizatorio ao simple feito de anulación dun acto ou disposición administrativa senón que ten que darse, en todo caso, a efectiva concorrencia dun suposto de dano ilexítimo que o administrado non teña a obriga xurídica de soportar.

Polo tanto, para que exista responsabilidade patrimonial da Administración é preciso:


- 1) Que se aprecie unha relación de causalidade entre a acción/omisión e o resultado lesivo.
- 2) Que o dano sexa antixurídico, ou, o que é o mesmo, que o prexudicado non teña o deber xurídico de soportalo e elo supón: a) que o dano sexa materialización dun risco xuridicamente relevante creado polo servizo público; e b) que o ordenamento non impoña ao prexudicado expresamente o deber de soportar o dano.
- 3) Que o dano sexa indemnizable: a) dano efectivo; b) avaliable economicamente e c) individualizado en relación a unha persoa ou grupo de persoas.

Sen embargo, en supostos de responsabilidade patrimonial como consecuencia da anulación dun acto ou resolución administrativa, como é o caso que nos ocupa, *"se excluye la antijuridicidad del daño cuando "la actuación de la Administración se mantenga en unos márgenes de apreciación no sólo razonables sino razonados", y cuando, para la aplicación de la norma, hayan de valorarse conceptos jurídicos indeterminados determinantes del sentido de la decisión, en los que "es necesario reconocer un determinado margen de apreciación a la Administración que, en tanto en cuanto se ejercite dentro de márgenes razonados y razonables conforme a los criterios orientadores de la jurisprudencia y con absoluto respeto a los aspectos reglados que pudieran concurrir, haría desaparecer el carácter antijurídico de la lesión y por tanto faltaría uno de los requisitos exigidos con carácter general para que pueda operar el instituto de la responsabilidad patrimonial de la Administración en la valoración del caso concreto, puede operar, para la determinación de la concurrencia del requisito de la antijuridicidad de*



la lesión..., datos de especial relevancia cual sería la alteración o no de la situación jurídica en el que el perjudicado estuviera antes de producirse la resolución anulada o su ejecución, ya que no puede afirmarse que se produzca tal alteración cuando la preexistencia del derecho no puede sostenerse al estar condicionado a la valoración, con un margen de apreciación subjetivo, por la Administración de un concepto en sí mismo indeterminado” (Sentencias de esta Sección Sexta de 8 de mayo de 2007, casación 5866/03, y, de 13 de enero de 2000, casación 7837/95). Y que entroncan en el criterio jurisprudencial sentado en la vieja sentencia de 4 de noviembre de 1997, en la que, con cita en la de 5 de febrero de 1996, ya se decía que para que la anulación de un acto administrativo pueda dar lugar a un eventual derecho a ser indemnizado por vía de responsabilidad patrimonial era preciso que no existiera margen de apreciación para la Administración, lo que no acaece cuando se trate de la “aplicación de conceptos jurídicos indeterminados o (actúe) o el ejercicio de potestades discrecionales, dado que la concurrencia de este tipo de facultades comporta la obligación del particular de soportar las consecuencias negativas que la introducción de criterios de oportunidad o la falta de determinación normativa del resultado de la operación de apreciación pueda comportar” (STS 1736/2016 do 22 de abril do 2016, casación 4080/2014).

Así mismo, a STS 515/2009 dispón que: “debe de recordarse que es constante la jurisprudencia que afirma que la anulación de un acto administrativo no comporta la automaticidad en la reparación, ya que es necesario que concurren todos los requisitos que recoge el artículo 139 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, del régimen jurídico de las administraciones y del procedimiento administrativo común, singularmente la existencia de un daño efectivo y evaluable económicamente que, sin obligación de soportarlo, se le haya producido por el funcionamiento del servicio público, ya que si el arranque del ilícito es una resolución administrativa que se ha anulado, es preciso tener en cuenta lo que la jurisprudencia denomina el “margen de tolerancia”, ya que la indemnización no puede venir fundada sólo en el error jurídico que la administración pueda cometer en la apreciación de los hechos del expediente o en la interpretación o aplicación de las leyes, ya que deben distinguirse y graduarse los supuestos según que la nulidad del acto o disposición fuese manifiesta o simple, reputando sólo la primera como causa de imputación de responsabilidad, ya que, en otro caso, se llegaría a la conclusión inaceptable de que toda anulación judicial de un acto administrativo comportaría siempre la indemnización, lo cual supondría tanto como sentar un principio que, excediendo de los límites propios del sistema legal de la responsabilidad patrimonial administrativa, haría normalmente imposible el normal ejercicio de las potestades que el ordenamiento jurídico concede a la administración, de modo que la obligación de indemnizar cuando se anula una resolución administrativa no es consecuencia de su simple anulación, si no que es necesario que se cumplan los demás requisitos antes mencionados del daño efectivo, individualizado y evaluable económicamente, con un nexo causal entre el actuar de la administración y el resultado dañoso y una lesión antijurídica en el sentido de ausencia del deber jurídico del administrado de soportar el resultado lesivo (SSTS de 07.06.84, 02.06.86, 20.02.89, 15.11.89,





18.03.91, 01.02.99, 11.03.99, 24.05.99 o 12.07.01, así como la sentencia de esta sala de 31.10.01)".

No caso que nos ocupa, o acto administrativo que resultou anulado pola orde xurisdiccional contencioso-administrativa é a licenza urbanística número 212/2008, outorgada para a construción dunha edificación de 17 vivendas no lugar de Campo da Agra, parroquia de Corrubedo, pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 03/04/2008 previos informes técnicos e xurídicos favorables. O motivo da súa anulación, foi a indebida interpretación polo Concello da liña grossa de delimitación do solo rústico grafada nos planos do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Riveira (PXOM), ou o que é o mesmo, a indebida interpretación do límite do solo urbano.

Así, no plano "Clasificación e cualificación do solo e aliñeacións en núcleos urbanos" que forma parte do PXOM, existe unha liña grossa de trazos denominada na lenda "delimitación de núcleo", e, paralela a ela polo lado interior ao solo urbano, unha liña fina de trazos denominada "límite de ordenanza". O concello de Riveira na aplicación da normativa urbanística municipal, interpretaba a mesma no sentido de que debía atenderse á liña grossa debuxada nos planos (liña de delimitación do núcleo) e que o solo urbano finalizaba no borde exterior desa liña, e que a franxa ocupada pola liña era solo urbano.

Xorde, polo tanto, unha controversia na interpretación da grafía da planimetría do PXOM, existindo diferentes criterios interpretativos dependendo da liña gráfica que se teña en conta para establecer o límite do solo urbano: a liña "límite de ordenanza" e a liña "delimitación do núcleo".

Así as cousas, os órganos xudiciais, tanto o Xulgado Contencioso-Administrativo como o TSX de Galicia no recurso de apelación, estiman que o solo urbano finaliza na liña límite da ordenanza, existindo unha interpretación errónea por parte do Concello, o que da lugar á anulación da licenza antes referida.

Pois ben, de todo o referido, enténdese que a licenza en cuestión mantense dentro do marco do chamado "marxe de tolerancia". E isto porque, aínda que se trata dun acto administrativo de carácter regulado, foi outorgada en base á interpretación que o Concello realizou dunha norma pouco clara e controvertida, como é o PXOM, que orixinou un problema de interpretación producido por imprecisións ou contradicións entre documentos de igual rango normativo, tal e como se dispón na Resolución da APLU recollida na sentenza do 25/02/2013 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago, no procedemento ordinario nº 888/2009, e na propia sentenza. De feito constan ata tres interpretacións distintas da normativa municipal: a realizada polos técnicos do Concello, a realizada pola Xefa do Servizo de Planificación Urbanística II da Xunta de Galicia do 17/07/2009, e a realizada pola APLU.

Enténdese así, que a nulidade da licenza urbanística non era unha nulidade que se puidera cualificar de manifesta, ao xurdir por un problema de interpretación





do PXOM. E, aínda que este problema de interpretación xurdiu tamén co outorgamento dunha licenza urbanística anterior á que nos ocupa, non se soubo o criterio da administración autonómica e o resultado da sentenza da primeira licenza ata moito mais tarde do outorgamento da licenza en cuestión, xa que a resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística incoado pola APLU (Expediente 107B-2007/91-0) que cita a sentenza de data 25/02/2013 (PO 888/2009) no que consta o criterio interpretativo da axencia é do 18/09/2008, o informe emitido pola Xefa do Servizo de Planificación Urbanística II da Xunta de Galicia a solicitude do Concello, tamén citado na mencionada sentenza, é do 17/07/2009, e a sentenza que afecta á licenza outorgada con anterioridade a esta que nos ocupa foi ditada na data 07/12/2011.

Por todas estas razóns o dano que se imputa ao actuar desta Administración non debe reputarse como antixurídico.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 24/10/2017, e visto o ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia, en data 29/11/2017, no que se informa favorablemente a citada proposta de resolución, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta pola entidade mercantil JOSMARVEN-4, S.L.

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- A Xunta de Goberno local queda enteirada do escrito remitido pola entidade **A Mesa pola Normalización Lingüística**, de data 23/11/2017, rexistrado de entrada en data 29/11/2017 co nº 18.853, no que da traslado de queixa pola ausencia do galego nun exame para auxiliar de policía local.

2.- A Xunta de Goberno local queda enteirada do escrito remitido pola entidade **A Mesa pola Normalización Lingüística**, de data 23/11/2017, rexistrado de entrada en data 29/11/2017 co nº 18.955, no que da traslado de queixa pola ausencia do galego nos paneis informativos do Parque de San Roque.





SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2017-2018

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro, de data 12/12/2017, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2017-2018

Vista a documentación que consta no expediente

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, acorda **aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

Destino Santiago de Compostela

Durand Caroy, Jaime	54654034P
Lixó Gómez, Carlos	53487445W

Destino A Coruña

Durand Caroy, Jaime	54654034P
---------------------	-----------

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e corenta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, catorce de decembro de 2017

O Alcalde



Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral



Juan Manuel Salguero del Valle